

# APRENDE COAS MULLERES GALEGAS

actividades



## MARÍA LUZ MORALES

(A Coruña 1889 – Barcelona 1980)

Foi unha xornalista, escritora, crítica teatral e asesora de tradución e guión para a produtora Paramount. Logo de rematar o bacharelato, María Luz estuda Filosofía e Letras e despois decide ser xornalista.

Ilustracións: Tania Solla  
Textos: Polo Correo do Vento

O seu primeiro traballo consiste nunha serie de colaboracións na publicación *Hogar y moda* e pouco tempo despois é contratada no xornal *La Vanguardia*, do que chegará a ser a directora no ano 1936. Tamén escribirá no *Diario de Barcelona* e no xornal *El Sol*, adaptará numerosas obras clásicas para o público infantil e xuvenil e escribirá obras teatrais. María Luz convértese nun referente no mundo do xornalismo e no ano 1963 é recoñecida co Premio Nacional de Teatro. En homenaxe ao seu labor, a día de hoxe existen dous premios co seu nome que buscan poñer en valor o papel da muller na comunicación

María Luz Morales recibiu moitos recoñecementos polo seu traballo dentro e fóra de España, como o premio da Orde das Palmas Académicas do goberno francés.

# MULLERES GALEGAS

procura

Na ficha adicada a Luz Pozo Garza atopamos escritoras que empregaron outros nomes para asinar as súas obras; é o que chamamos **pseudónimo**.

María Luz Morales asinou súas creacións durante un tempo cos nomes de Felipe Centeno, Ariel ou Jorge Marineda. Por que cres que moitos destes pseudónimos eran nomes masculinos?

**María Luz Morales foi a primeira muller en dirixir un xornal en España.**

Procura na rede información sobre o número de mulleres que dirixen xornais. Chámache algo a atención?

Entra nas portadas dos distintos xornais e procura noticias ou fotos que teñan como protagonistas mulleres e compáraas coas que teñan homes. Cal é a túa conclusión?

Colorea este debuxo  
na que aparece unha  
moza xornalista  
e debuxa alguén a quen  
vaia entrevistar...

# MULLERES GALEGAS

colorea



«Non quixen ser outra cousa que isto que humildemente son: simple e sinxelamente, xornalista.»

María Luz Morales

# MULLERES GALEGAS

dirixe

## Deseña e dirixe un xornal no que deberás:

Ilustrar a portada cunha muller como protagonista.

Inventar unha entrevista con algunha escritora galega.

Escribir un artigo sobre a muller no deporte.

Redactar unha crítica dun libro dalgunha escritora.

Escribir unha crítica dunha película que teña como protagonista unha actriz.

## Le e investiga sobre as seguintes xornalistas galegas:

Susana Pedreira, Belén López, Ana Pardo de Vera,  
Julia Otero, Fernanda Tabarés

María Luz Morales tocou  
practicamente todos  
os xéneros:  
novela, poesía, teatro,  
xornalismo, ensaio, historia.

# MULLERES GALEGAS

escribe

María Luz Morales adaptou ao longo da súa vida diferentes  
libros clásicos para o público infantil e xuvenil.

Moitas veces o papel do muller nas historias clásicas  
está asociado a roles que responden a patróns machistas,  
ademais de quedar frecuentemente relegadas  
a papeis secundarios.

Dálle ao miolo e reescribe algún destes clásicos sendo  
a protagonista unha personaxe feminina.

Robina Hood.

Dona Quixota da Mancha

A volta ao mundo de Guillermina Fogg

As tres Mosqueteiras



Neste encrucillado aparecen agochados diferentes termos relacionados coa vida de María Luz Morales.

# MULLERES GALEGAS


encrucillado

## Horizontais:

- 1 Cidade onde desenvolveu a súa vida profesional e onde morreu.  
 4 Xornal que dirixiu.  
 6 Actividade profesional que realizou.  
 8 Nome dunha estrela e dun xornal onde traballou.  
 9 Cidade na que naceu.  
 10 Profesión.

## Verticais:

- 2 Foi escritora de obras de ...  
 7 Profesión na que adaptou para un público infantil e xuvenil diferentes obras.  
 10 Nome da produtora cinematográfica na que traballou.



Comprueba  
as túas  
actividades.

# MULLERES GALEGAS

soluciona

encrucillado

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11
1			B	A	R	C	E	L	O	N	A
2		T					S				
3		E					C			P	
4	V	A	N	G	U	A	R	D	I	A	
5		T					I			R	
6		R					T			A	
7		O					O			M	
8							R			O	
9		C	O	R	U	Ñ	A			U	
10										N	
11		X	O	R	N	A	L	I	S	T	A

